

OS BICHOS DA HORTA



ABELLA
FAMILIA: APIDAE

COMO SE CHAMA?

CASTELÁN: ABEJA

GALEGO: ABELLA

INGLÉS: BEE

COMO É?

O SEU CORPO TEN:

- 1 ESCUDO EXTERIOR
- 3 PARTES: CABEZA, TÓRAX E ABDOME
- 2 ANTENAS
- 6 PATAS
- 4 ÁS

COME NÉCTAR E POLE DAS FLORES E PLANTAS

QUE FAI NA HORTA?

POLINIZA AS PLANTAS, LEVANDO O POLE DUNHA FLOR A OUTRA

AS FLORES POLINIZADAS DE HORTALIZAS E ÁRBORES FRUTAIS DAN FROITOS QUE NOS COMEMOS

CURIOSIDADES


COMPRENDE "ARRIBA" E "ABAIXO", "ESQUERDA" E "DEREITA"

PODE CONTAR DO 1 AO 6

COS SEUS BAILES INDICA A OUTRAS ABELLAS ONDE ESTÁN AS FLORES

O SEU BAILE CHÁMASE "DANZA DO MENEIO"

OS BICHOS DA HORTA



CARACOL
FAMILIA: HELICIDAE

COMO SE CHAMA?

CASTELÁN: CARACOL

GALEGO: CARACOL

INGLÉS: SNAIL

COMO É?

TEN UN CORPO BLANDO E UNHA CUNCHA EXTERNA QUE O PROTEXE

OS OLLOS PODEN ESCONDERSE

SAE DE NOITE OU CANDO SE PON O SOL

PODE VIVIR ATA 7 ANOS

QUE FAI NA HORTA?

CANDO SE MOVE FAI OCOS NA TERRA QUE FAN QUE AS RAÍCES DAS PLANTAS CREZAN MELLOR

ALIMÉNTASE DAS PLANTAS. COMEN AS FLORES, AS FOLLAS E OS TALOS. POR ISO É MELLOR NON TER MOITOS NA HORTA. PODEMOS LEVALO PARA OUTRAS ZONAS


CURIOSIDADES

É MACHO E FEMIA AO MESMO TEMPO (HERMAFRODITA)

É UN MOLUSCO, COMO O PULPO E O CALAMAR

PODE "HIBERNAR" DURANTE SEMANAS OU MESES SE NON HAI ALIMENTO

OS BICHOS DA HORTA



BOLBORETA
FAMILIA: PAPILIONIDAE

COMO SE CHAMA?

CASTELÁN: MARIPOSA

GALEGO: BOLBORETA

INGLÉS: BUTTERFLY

COMO É?

O SEU CORPO TEN:

- 3 PARTES: CABEZA, TÓRAX E ABDOME
- 2 ANTENAS
- 6 PATAS
- 4 ÁS

A SÚA BOCA TEN FORMA DE TUBO.
ALIMÉNTASE A TRAVÉS DUNHA LONGA
LINGUA ENROLADA QUE SE CHAMA
ESPIRITROMPA.

QUE FAI NA HORTA?

POLINIZA AS PLANTAS, LEVANDO
O POLE DUNHA FLOR A OUTRA

AS FLORES POLINIZADAS DE
HORTALIZAS E ÁRBORES FRUTAIS
DAN FROITOS QUE NOS COMEMOS

CURIOSIDADES

USA OS SEUS PÉS PARA PROBAR O
SEU ALIMENTO.

ESTENDE AS SÚAS PATAS E TOCA A
SUPERFICIE DA PLANTA PARA PROBAR
O SEU SABOR

OS BICHOS DA HORTA



COMO SE CHAMA?

CASTELÁN: PULGÓN

GALEGO: PULGÓN

INGLÉS: GREENFLY

COMO É?

É MOI PEQUENO

PODE SER VERDE, AMARELO OU NEGRO

PODE TER ÁS

ALIMÉNTASE DAS PLANTAS AO
SUCCIONAR O SEU ZUME

PULGÓN FAMILIA: APHIDIDAE

QUE FAI NA HORTA?

ALIMÉNTASE DAS PLANTAS DA HORTA E
PODE CHEGAR A MATALAS

EN GRANDES CANTIDADES É MALO PARA
A HORTA

PARA QUE NON HAXA TANTOS DEBEMOS
ATRAER ÁS XOANIÑAS, QUE SE
ALIMENTAN DE PULGÓNS

CURIOSIDADES

PRODUCE UN LÍQUIDO DOCE QUE
LLES GUSTA ÁS FORMIGAS

AS FORMIGAS ALIMÉNTANSE DESE
LÍQUIDO E PROTEXEN AOS
PULGÓNS

OS BICHOS DA HORTA



MIÑOCA
FAMILIA: LUMBRICIDAE

COMO SE CHAMA?

CASTELÁN: LOMBRIZ

GALEGO: MIÑOCA

INGLÉS: WORM

COMO É?

É UN VERME DE CORPO BLANDO

TEN BOCA NO SEU EXTREMO

O SEU CORPO ESTÁ DIVIDIDO EN ANEIS

ESTÁ CUBERTA DE PEQUENOS PELOS
QUE LLE AXUDAN A DESPRAZARSE

QUE FAI NA HORTA?

DESPRÁZASE POLO INTERIOR DO CHAN
FACENDO OCOS

ESTES OCOS FAN QUE A AUGA DA
CHUVIA E DO REGO CHEGUE MELLOR
ÁS PLANTAS

OS RESTOS DA SÚA ALIMENTACIÓN,
CHAMADOS "HUMUS" ABONAN O CHAN

CURIOSIDADES

NON TEN PULMÓNS, RESPIRA A
TRAVÉS DA PEL

CANDO PERDE PARTE DO SEU
CORPO PODE VOLVER A CRECER

OS BICHOS DA HORTA



COMO SE CHAMA?

CASTELÁN: BICHO BOLA OU COCHINILLA DE LA HUMEDAD

GALEGO: BICHO BOLA OU TATUCIÑO DOS XARDÍNS

INGLÉS: PILL BUG

COMO É?

TEN UN CORPO DURO CUN ESCUDO EXTERIOR E 14 PATAS

CANDO SE SINTE EN PERIGO FAISE UNHA BOLA PARA PROTEXERSE

VIVE EN LUGARES ESCUROS E HÚMIDOS

ALIMÉNTASE DE RESTOS DE PLANTAS E ANIMAIS

BICHO BOLA
FAMILIA: ARMADILLIDIIDAE

QUE FAI NA HORTA?

AXUDA A DESCOMPOÑER OS RESTOS DE PLANTAS MÁIS RÁPIDO

PODES ATOPALO DEBAIXO DE FOLLAS, PEDRAS OU TRONCOS

TAMÉN PODES VELO NO COMPOSTEIRO AXUDANDO A CONVERTIR OS RESTOS EN ABONO

CURIOSIDADES

NON É UN INSECTO

É UN CRUSTÁCEO, COMO O CANGREXO OU O LANGOSTINO

VIVEN EN GRUPOS

OS BICHOS DA HORTA



COMO SE CHAMA?

CASTELÁN: ARAÑA

GALEGO: ARAÑA

INGLÉS: SPIDER

ARAÑA
FAMILIA: ARANAE

QUE FAI NA HORTA?

A ARAÑA ALIMÉNTASE DE INSECTOS E OUTROS BICHOS QUE PODERÍAN SER MALOS PARA A NOSA HORTA

HAI TAMÉN ALGUNHA ARAÑA (COMO A ARAÑA VERMELLA) QUE PODE ALIMENTARSE DAS PLANTAS DA HORTA

COMO É?

TEN 8 PATAS

TEN 8 OLLOS (PERO VE MAL AO LONXE)

ALIMÉNTASE DE PEQUENOS BICHOS


PRODUCE SEDA

CURIOSIDADES

A TEA DE ARAÑA VÓLVESE MÁIS DURA E RESISTENTE CANDO TEN CONTACTO COA AUGA

PARA CAZAR ALGUNHAS ESPECIES DE ARAÑAS FAN TEAS, OUTRAS FAN TRAMPAS E OUTRAS USAN VELENO

OS BICHOS DA HORTA



COMO SE CHAMA?

CASTELÁN: MARIQUITA

GALEGO: XOANIÑA

INGLÉS: LADYBUG

COMO É?

O SEU CORPO TEN

- UN CAPARAZÓN DURO QUE PROTEXE AS ÁS
- 2 ANTENAS
- 2 OLLOS
- 6 PATAS

XOANIÑA

FAMILIA: COCCINELLIDAE

QUE FAI NA HORTA?

ALIMÉNTANSE DE MOITOS DOS INSECTOS QUE SON MALOS PARA A NOSA HORTA

O SEU ALIMENTO FAVORITO É O PULGÓN

1 XOANIÑA PODE COMER ATA 60 PULGÓNS CADA DÍA

CURIOSIDADES

É UN TIPO DE ESCARABELLO

PODE SER VERMELLA, LARANXA OU AMARELA

HIBERNA NO INVERNO